



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 62

Sesión plenaria
19 de decembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Conmemoración do 40º aniversario do Parlamento de Galicia



SUMARIO

Conmemoración do 40º aniversario do Parlamento de Galicia

Antes do inicio da sesión, como acto preliminar, o presidente do Parlamento e o presidente da Xunta, no vestíbulo de entrada ao salón de sesións, descubren unha placa conmemorativa do cuadrexésimo aniversario do Parlamento de Galicia coa presenza de expresidentes da Xunta, expresidentes do Parlamento, membros da Mesa, portavoces parlamentarios e outras autoridades e invitados.

Ábrese a sesión ás doce e media do mediodía.

O señor presidente abre a sesión, que consta dun punto único na orde do día. (Páx. 5.)

Conmemoración do 40º aniversario do Parlamento de Galicia

O señor presidente inicia a sesión cunhas palabras de lembranza da posta en marcha da institución no pazo de Xelmírez no ano 1981 e dá paso a unha actuación musical desde ese mesmo lugar. (Páx. 5.)

As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno, autoridades e demais asistentes á sesión, presencian, a través das pantallas dispostas para o efecto, unha interpretación de Xabier Díaz desde o pazo de Xelmírez. (Páx. 5.)

O señor presidente dálles a palabra aos portavoces dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 5.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 8.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 10.)

As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno e as autoridades e asistentes á sesión, presencian, a través das cámaras dispostas para o efecto, unha actuación da Real Filharmonía de Galicia desde o pazo de Fonseca. (Páx. 13.)

O señor presidente dálle a palabra ao presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 13.)

As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno e as autoridades e asistentes á sesión, presencian, a través das pantallas dispostas para o efecto, a actuación da formación Cantigas e Agarimos, que interpretan a Muiñeira do Courel. (Páx. 16.)



Para pechar o rolda de intervencións, toma a palabra o presidente do Parlamento. (Páx. 16.)

Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes á sesión, póñense en pé, e a cantante Uxía Senlle, acompañada do coro infantil do CEIP de Petelos, Mos, e dos instrumentistas Raquel Domínguez, Sergio Tannus e Santi Cribeiro entran no salón de sesións e interpretan o himno galego. (Páx. 18.)

Remata a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde.



Conmemoración do 40º aniversario do Parlamento de Galicia

Antes do inicio da sesión, como acto preliminar, o presidente do Parlamento e o presidente da Xunta, no vestíbulo de entrada ao salón de sesións, descubren unha placa conmemorativa do cuadrexésimo aniversario do Parlamento de Galicia coa presenza de expresidentes da Xunta, expresidentes do Parlamento, membros da Mesa, portavoces parlamentarios e outras autoridades e invitados.

Ábrese a sesión ás doce e media do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bo día a todas e a todos, e tamén ás persoas que seguen este acto a través dos medios da Corporación Radio e Televisión de Galicia e da web do Parlamento de Galicia.

Damos comezo á sesión solemne e conmemorativa do 40º aniversario do Parlamento de Galicia.

Conmemoración do 40º aniversario do Parlamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Tal día coma hoxe, en 1981, reuníanse por primeira vez no pazo de Xelmírez, unha sede prestada —tal era a precariedade con que botaba a andar o noso autogoberno—, as deputadas e deputados elixidos nas primeiras eleccións da historia do Parlamento de Galicia. Todo estaba por facer e case nada se daba por sentado. As férreas conviccións autonomistas dos que alí se daban cita contrastaban co morno recibimento do proceso nas rúas e nas aldeas, onde, sen dúbida, si se demandaban democracia, dereitos e liberdades.

Imos agora ao pazo de Xelmírez, primeira sede, onde Xabier Díaz interpreta a peza *Alalá de Muxía*.

(As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno, autoridades e demais asistentes á sesión, presencian, a través das pantallas dispostas para o efecto, a citada interpretación de Xabier Díaz desde o pazo de Xelmírez.)

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas por esta interpretación, sempre evocadora, e moi especialmente para a Galicia mariñeira. Moitas grazas tamén ao Arcebispado de Santiago de Compostela pola cesión do espazo onde tivo a súa primeira sede o Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia, primeira institución da Comunidade Autónoma, é cerna da nosa autonomía. É un lugar de encontro onde, desde a lexítima discrepancia, deputados e deputadas traballamos na procura do ben común.

Ten agora a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Gonzalo Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente do Parlamento, señor presidente da Xunta, señoras e señores deputados, autoridades, presidente Laxe, amigas e amigos, Galicia é a



nosa xente, Galicia é a nosa cultura, é a nosa fala, o noso compromiso, Galicia é a nosa paixón. Cremos en Galicia, e os parlamentarios e parlamentarias do Parlamento de Galicia traballamos polo ben, polas necesidades e polo futuro dos galegos e das galegas.

Corenta anos do Parlamento representan corenta anos de democracia e de autogoberno en Galicia, corenta anos de prosperidade e de posibilidades, nos que o Parlamento supón un elemento fundamental insubstituíble, porque sen parlamento non hai democracia e sen Parlamento de Galicia non hai autogoberno nin hai autonomía. É por iso que temos que poñer en valor a importancia da política en tempos complexos, a importancia da política para dar resposta ás necesidades e ás demandas dun pobo que ten dificultades e ás de tanta xente que pode sufrir a desigualdade —especialmente en tempos da covid, polo que tamén quero ter unha palabra de apoio, de agarimo, de acompañamento, a aqueles galegos e galegas que están sufrindo a pandemia e, especialmente, a aqueles que están hospitalizados e non poden estar nas súas casas—.

O Parlamento é sede da palabra, da liberdade, do acordo, do diálogo, e tamén da confrontación dialéctica. É necesario un Parlamento forte para ter unha Galicia forte, é necesario un Parlamento vivo para ter unha Galicia viva, é necesario ter un Parlamento democrático, dinámico, participativo, para darlles tamén futuro e posibilidades ás arelas que teñen tantos galegos e galegas de participación e de liberdade. E por iso defendemos a política como servizo público, a política para servir a Galicia dende o poder lexislativo que dá normas, que dá regras, dende o poder lexislativo que decide e determina as posibilidades do poder executivo, dende o poder lexislativo que se converte tamén na sede do pluralismo das opinións, das liberdades dos galegos e das galegas, e nas que temos que seguir sempre mellorando.

Dende que na tradición británica o Parlamento británico supuxo o control do poder absolutista do monarca, os parlamentos implicaron un elemento de contrapoder, un freo contra calquera exceso de poder dominante. E iso é tamén a democracia: a pluralidade, o respecto á maioría lexítima para gobernar e o respecto ás minorías que queren trasladar outros plantexamentos.

E falar do Parlamento de Galicia é falar do Estatuto, porque, como sinalaba Ramón Piñeiro, a autonomía non é a confirmación do pasado, é a apertura dun camiño novo cara ao futuro. E despois de que no ano 1936 a cidadanía galega validara un estatuto de autonomía na Segunda República, que non puido ser levado adiante pola sublevación militar, houbo que esperar moitas décadas, catro décadas, para que, tras a ditadura, tras a longa noite de pedra á que facía referencia Celso Emilio, coa transición, coa democracia, coa Constitución, o Estado das autonomías tivese un espazo. Porque a descentralización política permite achegar as políticas públicas ás necesidades da cidadanía, permite xerar bens públicos rexionais que responden ás demandas diversas dunha España plural e tamén satisfacer as necesidades de dignidade e autogoberno do pobo galego.

O acordo político e social xerado en Galicia a prol da autonomía a través dos Pactos do Hostal implicou que a nosa comunidade non estivese dentro das de segunda orde e que puidésemos traballar por unha autonomía de primeira, referencia en competencias e en tantas cuestións. E, como concluía Ceferino Díaz, o Estatuto do 81 constitúe unha proba irrefutable de que dende Galicia podemos dirixir a nosa propia historia.



O Estatuto do 81 deu paso a este Parlamento de Galicia, deu paso aos mellores corenta anos de autogoberno e democracia da historia do país. E o Grupo Parlamentario Socialista pon en valor o traballo feito por todos os deputados e deputadas ao longo de tantas lexislaturas. En lembranza tamén para tantos socialistas que dende esta Cámara traballaron polo ben de Galicia, quero recordar compañeiros que dende esta bancada, como Ramón Piñeiro, como Miguel Barros ou como Ceferino Díaz, traballaron polo socialismo e polo galeguismo, dando voz a unha parte da cidadanía galega que se identifica con eses plantexamentos. E, sen dúbida, tamén as miñas lembranzas van para dous parlamentarios que presidiron o Goberno de Galicia, os compañeiros e amigos Touriño e Laxe, que deron o mellor de si para facer a mellor Galicia posible. Poño en valor tamén como a primeira presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino, traballou dende o grupo parlamentario e como o fixo a carón de tantas posicións. E fágoo tamén poñendo en valor as presidencias da Xunta que, dende outras posicións políticas, dende o Partido Popular e dende as posicións de Alianza Popular, gobernaron Galicia con lexitimidade e traballando como eles consideraron mellor por Galicia e polos galegos: o presidente Albor, o presidente Fraga e o presidente Alberto Núñez Feijóo.

Quero sinalar que, lonxe da autocompracencia, temos que afrontar os retos do futuro, que non podemos caer no conformismo, que necesitamos valentía para facer fronte ás inquedanzas da xente, que non podemos estar véndonos ao espello e dicindo que todo vai ben, senón que sempre temos que ter a vontade de facer as cousas da mellor maneira posible. Porque queremos unha Galicia mellor, e para que haxa unha Galicia mellor necesitamos sempre un Parlamento mellor, unha autonomía mellor e a mellor vocación de servizo público. Porque a política da que falamos é a política que determina a sanidade pública dos galegos e das galegas, as posibilidades da educación pública para tantos galegos e galegas, as políticas sociais, as políticas industrias e de emprego e a modernización do país. E aí cada un, dende a súa óptica, ten que poñer —e poñemos— o mellor de nós mesmos para traballar polos galegos e polas galegas.

Defendamos os valores democráticos, defendamos que haxa distintas posicións e distintas ideas, pero que a todos nos una traballar polos galegos e polas galegas. Poñámonos deberes de autoexixencia e, nunha España plural, nunha España federal, nunha España constitucional, que o Parlamento de Galicia traballe polo futuro. Cremos tamén que, á medida que pasen os momentos da crise da covid máis duros, será o momento de ter esa valentía para afrontar o reto de actualizar o Estatuto de autonomía, que é o elemento fundamental sobre o que se basea este Parlamento de Galicia, cunha carta de cidadanía na que este Parlamento pode traballar para blindar e dar dereitos ás mulleres, aos que teñen máis dificultades, dereitos sociais, dereitos de avance, poñer o Estatuto de autonomía do século XX á altura do século XXI. Esa reforma é algo que está pendente, e haberá que abordala antes ou máis tarde, porque a loita polo Estatuto de autonomía foi a loita polo autogoberno de Galicia que deu posibilidade ao noso Parlamento. Foi unha loita histórica, patriótica, unha loita que uniu os galegos de 1936, os de 1981, os que en 2007, encabezados por Emilio Pérez Touriño, trataron de levar a nosa norma fundamental a maiores cotas de autogoberno e de dignidade nacional, e tamén os galegos e galegas do ano 2021 que queremos enfrontar os retos do futuro.

Aos cidadáns que dende os medios públicos nos seguen neste momento quero trasladarlles que, dende logo, imos seguir traballando polos galegos e polas galegas. Porque do éxito deste



Parlamento, do éxito do Goberno de Galicia e do seu presidente, Alberto Núñez Feijóo, depende tamén o benestar de tantos galegos e galegas. E, para iso, con toda a vontade construtiva, con diferenzas pero con lealdade, coa man tendida, corresponde poñer en valor o traballo feito durante corenta anos por este Parlamento de Galicia, pero tamén asumir os retos de mellorar, de recoñecer os erros que todos podemos ter —empezando por un mesmo— e traballar sempre polo futuro dunha Galicia mellor.

Moito Parlamento e máis Parlamento será sinónimo de máis democracia e dunha Galicia mellor.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Caballero.

Corresponde agora o uso da palabra á portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día a todos e a todas.

Señorías, galegos e galegas que nos seguen a través dos medios públicos de comunicación, se tivésedes unha máquina do tempo e puidésedes viaxar corenta anos atrás, a ese pazo de Xelmírez, e lles falásemos aos deputados e deputadas de 1981 de teléfonos móbiles, da Internet, de Instagram, de Facebook, de tuits, se lles contásemos que o Estado español entrou na OTAN da man de Felipe González, que xa non existe a URSS, que China ameaza a hexemonía dos Estados Unidos, se lles dixésedes que as mulleres de todo o mundo estamos protagonizando grandes mobilizacións en todo o planeta pola igualdade, que hai unha emerxencia climática ou que un virus ía poñer contra as cordas a humanidade, estou segura de que no mellor dos casos pensarían que sería ciencia ficción. Pero é a realidade, porque é evidente que o mundo e a Galiza de 2021 é moi, moi, diferente á que había en 1981.

Pero hai algo que non mudou: somos unha nación con lingua e con cultura propias, cunha idiosincrasia que nos fai diferentes e únicas, nin mellores nin peores, simplemente galegos e galegas plurais, con conciencia nacional e con orgullo de noso. E desde ese orgullo de país, quero recoñecer a todas as persoas que loitaron por Galiza, empezando pola xeración de Castelao e Bóveda, de María Miramontes e Virxinia Pereira, que defenderon o Estatuto do 36 que nos consolidou como nación histórica; seguindo polas mulleres e polos homes que na Transición defenderon unha ruptura democrática, unha alternativa confederal e republicana, e os que se mobilizaron contra o «Estatuto da aldraxe»; un recoñecemento que tamén quero facer extensivo a todas as persoas que fixeron contribucións importantes nesta Cámara ao longo destes corenta anos, e que quero simbolizar en tres: a Lei de normalización lingüística, a Lei contra a violencia de xénero ou a Lei Paz Andrade.

Antes, igual que agora, non necesitamos coincidir ao cen por cento para recoñecer que, na tarefa inacabada dunha Galiza dona de si, se suman moitas loitas e moitas persoas cuxa pegada



chega ao presente. Por esa razón, a data do 40º aniversario do Parlamento non pode ser mera liturxia nin grandilocuencia baleira de contido. Por todos os que nos precederon, e, sobre todo, polos galegos e polas galegas de hoxe, temos a obriga desde aquí de falar do seu presente e do seu futuro, dos problemas que lles quitan o sono, que os angustian, mais tamén, por suposto, de como facer realidade os soños dos galegos e das galegas. Porque son precisamente os galegos e as galegas os que lle dan sentido ao Parlamento, e temos que traballar con toda humildade cada día para estar á súa altura.

Por iso esta Cámara ten que ser o centro da vida política. E equivócanse aqueles que intentan amordazar o Parlamento, os que intentan convertelo nunha casca baleira á base de propaganda, crispación ou deturpando o debate. Son estratexias que debilitan a democracia, moi perigosas sempre, pero moito máis nun momento no que sopran ventos de intolerancia, de ruído e de furia. Desde o BNG seguiremos co noso empeño de converter o Parlamento nun lugar de debate, de diálogo, de acordos importantes para o país e de caixa de resonancia dos problemas reais dos galegos e das galegas; problemas como a emigración da xente nova, as desigualdades sociais, de xénero, as baixas pensións, a crise demográfica, o déficit histórico que seguimos tendo en infraestruturas ou o declive da nosa lingua común, o galego, que atravesa unha invernia no que se dá un triste paradoxo: institucións que naceron para defendela cumpren xusto a función contraria.

Estamos celebrando os corenta anos e hai quen cre que o actual marco autonómico é idílico, pero os datos din outra cousa. Galiza en 1980 representaba o 6,2 % do produto interior bruto do Estado, hoxe o 5,2 %; representabamos o 7,4 % da poboación, hoxe o 5,8 % e baixando. Temos que preguntarnos por que perdemos peso económico, laboral e demográfico cando vivimos nun país rico, con talento e con capacidade. Algo, evidentemente, falla, e hai que dicilo con toda rotundidade: non falla Galiza nin os galegos nin as galegas.

Corenta anos despois estamos moi lonxe da Galiza soberana que soñou a xeración de Castelao. E quero chamar a atención sobre un feito: nin sequera se cumpre o Estatuto e levamos anos coas transferencias en dique seco. Ningún galeguista de corazón consentiría este agravio. Hai que pasar das declaracións á acción, porque o centralismo avanza. Nestes anos descafeinou o noso escaso autogoberno e concentrou cada vez máis investimentos, máis poboación e máis riqueza en Madrid.

Por iso nós entendemos, desde o BNG, que é importante ter máis poder político en Galiza, que se cumpra o Estatuto e avanzar cara a un novo status de nación que nos recoñeza como o que somos e que nos dea máis ferramentas para poder mellorar a vida dos galegos e das galegas, porque iso é na práctica a soberanía, o autogoberno real. E neste momento é pertinente formularse unha pregunta: ¿temos que conformarnos cun traxe estreito confeccionado hai corenta anos ou debemos aspirar a máis? Porque, fíxense, 1.700.000 galegos e galegas de hoxe —entre os que eu me atopo— non puidemos decidir absolutamente nada sobre este estatuto, simplemente porque non tiñamos idade para votar ou porque moitos e moitas nin tan sequera naceran. E o país e o mundo cambiaron moito, polo que necesitamos novas ferramentas para darlle solucións á Galiza do século XXI, para conseguir unha saída xusta e galega a esta crise que nos preocupa. Todo se está movendo, e quedar petrificados polo inmovilismo sería retroceder.



Dicímolo con toda a confianza no país, porque cremos que temos todo por gañar, precisamente, desde a confianza en nós mesmas. Nunca me vou cansar de dicilo: somos un gran país e temos que pensar Galiza en grande, facer realidade unha Galiza que produza desde aquí para o mundo, que sexa punteira e referente internacional na ciencia, no coñecemento, innovadora, feminista, con oportunidades para a xente nova, coidando o medio ambiente, vendo que Portugal é un espazo estratéxico para o noso desenvolvemento e relacionándonos co mundo desde o orgullo da nosa lingua e da nosa cultura, que son galegas e universais.

Nós nunca esquecemos, cando cruzamos a porta do Parlamento, que estamos aquí para traballar por Galiza, polos galegos e polas galegas, e para estar á súa altura. E traballamos con humildade pero con ambición, porque, como dicía Castelao, o verdadeiro heroísmo consiste en converter os soños en realidades e as ideas en feitos. Imos seguir soñando porque ninguén nos pode roubar o dereito a soñar, pero, sobre todo, imos seguir traballando para facer posible esa Galiza sen límites, esa Galiza en grande.

Moitas grazas. E ¡viva Galiza! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Corresponde de seguido o uso da palabra ao portavoz do Grupo Parlamentario Popular, don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías, autoridades, cidadáns de Galicia que nos escoitan neste fermoso domingo de Nadal polos medios públicos de comunicación galegos, tal día coma hoxe, o 19 de decembro de 1981, constituíuse o primeiro parlamento democrático da historia de Galicia; unha data certamente histórica, porque non era sen tempo.

A constitución por vez primeira na nosa historia dun parlamento democrático investido de autonomía política e lexislativa culminaba un longo e difícil proceso histórico parello ao desenvolvemento e construción do moderno Estado liberal —primeiro— e social e democrático —despois—, no que o galeguismo sempre arelou o acceso ao autogoberno. Porque, como afirmou Castelao en *Sempre en Galiza*, «todo se lle pode negar a Galiza menos o seu anxeio autonómico» —o que o levaba, por certo, a eloxiar ao gran Alfredo Brañas como autor do primeiro compendio do autonomismo galego, cando nin Prat de la Riba nin Sabino Arana deran a luz ningún escrito que se poida citar—; porque o galeguismo, en calquera das súas manifestacións políticas, desde os movementos provincialistas e rexionalistas de finais do XIX, pasando polas Irmandades de Fala e os federalistas e nacionalistas ao principio do século XX e culminando na Segunda República, sempre arelou, en primeiro lugar, o autogoberno, do que o seu Parlamento é a máxima expresión, entendido non como fin en si mesmo senón como medio idóneo para que Galicia, historicamente relegada polo centralismo, puidese autoorganizarse para progresar. Como dicía Risco, «queremos para Galicia unha autonomía tal que a capacite para resolver por si mesma os seus problemas internos, que lle permita darse unha organización interior conforme coa nosa maneira de ser, coa estrutura social privativa do noso pobo e mais coas súas necesidades económicas». Este argumento tamén o repetiu, xa na segunda elaboración do vixente estatuto, Ramón Piñeiro, cando dicía: «A autonomía debe ser o cauce político para mobilizar as enerxías creadoras do pobo galego



ao servizo da potenciación dos seus bens, tanto de orde material como de orde espiritual. Non consiste no simple artellamento xurídico-político, senón nunha integración orgánica que lle devolva a Galicia a conciencia da propia identidade, a confianza en si mesma e a superación do seu atraso».

O galeguismo, en segundo lugar, sempre arelou unha capacidade de autogoberno garantida constitucionalmente, non suxeita aos vaivéns das circunstancias políticas conxunturais. Valentín Paz Andrade dicía xa en 1930: «Queremos unha Galicia autónoma que sexa oficialmente o que ela é naturalmente, un réxime de autonomía integral que non sexa unha graza gobernativa, senón unha forma xurídica recoñecida no código fundamental do Estado e xeneralizable, ademais, ao conxunto das comunidades de España, porque iso nos permitiría a toda España mellorar». Así, xa na exposición presentada pola ponencia encargada de redactar o anteproxecto do Estatuto de autonomía do 36, no que estaban Bóveda, Paz Andrade, Risco, Carballo Calero, Rajoy Leloup etc., na súa conclusión terceira se afirmaba que «a ningunha rexión española se lle debe negar, con pretextos económicos, o dereito á autonomía, por integral que sexa, pois concedéndollo non soamente se lle fai un ben senón que resultan beneficiadas ao mesmo tempo as demais rexións».

Porque, en terceiro lugar, o galeguismo autonomista sempre propiciou unha autonomía política aberta e pensada para fortalecer a capacidade de Galicia dentro dunha España e dunha Europa democráticas que procuran o benestar, e para cooperar con todas elas e con todas as nacións e Estados do mundo —particularmente cos de América latina que acolleron a nosa quinta provincia e cos que tantos vencellos nos unen—. Desde o Brañas que elaborara a teoría dos círculos concéntricos do poder —que ascenden desde a autonomía individual á municipal, á rexional, á nacional, á europea e á internacional— ao nacionalismo republicano —que tanto insistía en contraponer autonomismo con separatismo, como foi, por exemplo, o caso de nacionalistas da República como Vicente Risco, que dicía que, ao defender o carácter nacional de Galicia podería parecer que esta afirmación conduce ao separatismo e nembargantes non é así—, o separatismo non é de ningún xeito unha secuela necesaria do nacionalismo, como algúns pensan. De feito, unha nación pode, sen abdicar de si mesma, estar cinguida a outras de moitos xeitos. A dignidade e o interese vital das nacións exige unha suma de garantías para o libre desenvolvemento social, cultural, xurídico e económico. Este mínimo de garantías é o que o nacionalismo galego, desentendéndose do separatismo, pide para Galicia.

E, por suposto, en cuarto e último lugar, no galeguismo a autonomía política parece asociada sempre á democracia parlamentaria como mellor forma de autogoberno. Xa dicía Xan Vicente Viqueira que «Galicia, no fondo do seu ser, exige autonomía integral, condición para ela ser grande, mais unha autonomía radicalmente democrática». Precisamente por iso é que o recoñecemento do autogoberno veu parello á democracia e veu da man dos dous réximes plenamente democráticos que España tivo na súa historia contemporánea: o republicano, cuxa Constitución do 31 constituía un Estado integral compatible coa autonomía dos municipios e as rexións, e o da Constitución de 1978, que garante a autonomía das nacionalidades e rexións que conforman a unidade de España.

Porque, efectivamente, tiveron que pasar catro décadas, despois da frustrada aprobación en referendo do Estatuto de Galicia, para que unha vez máis en democracia recuperásemos o



autogoberno, aínda que a historia estivese a punto de repetirse. Porque igual que o da República se frustrou cun golpe de Estado, o de aquí estivo a punto de non publicarse como consecuencia doutro golpe de Estado —afortunadamente fracasado, de xeito que a Constitución de 1978 se puido despreñar totalmente—. Agora Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en comunidade autónoma para acceder ao seu autogoberno, de conformidade con esa constitución e co seu estatuto, que é a norma institucional básica.

Señorías, a esencia da política democrática é a existencia dun consenso sobre as institucións, é dicir, sobre a nosa Constitución e o noso Estatuto como parte do bloque de constitucionalidade, que tamén integran as sentenzas do Tribunal Constitucional que resolven os conflitos de competencias entre niveis de goberno; o que posibilita tamén, como non, a reforma destas normas básicas de considerarse necesario e respectando os procedementos que nelas se establecen, que son procedementos precisamente dirixidos a garantir que os cambios se fan con consenso sobre as regras básicas do xogo democrático que todos debemos respectar. Consenso tamén sobre a participación de Galicia e o conxunto de España no proceso de construción dunha Europa social e democrática, sobre a base do principio de subsidiariedade, que nos permita afrontar os desafíos globais aos que nos enfrontamos como sociedade, tanto a curto prazo —a pandemia— como a medio e longo —a capacidade de ser actores principais para resolver os problemas dun mundo multipolar, dixitalizado, globalizado, problemas entre os que salientan, por suposto, a política de igualdade entre os homes e as mulleres, a política de xustiza social, a redistribución global da riqueza, xunto co crecemento global e a preservación do medio ambiente—.

Hoxe, corenta anos despois da constitución desta Cámara, podemos afirmar que se cumpriron as arelas dos nosos mellores devanceiros. A Galicia autonómica é quen de progresar. Desde 1980 o PIB por habitante pasou de 1.894 euros a 21.770. Galicia é a comunidade autónoma que máis converxeu coa media de España nestes últimos corenta anos. Galicia conta cun autogoberno pleno e constitucionalmente garantido, exerce as súas competencias con lealdade á Constitución, como demostran as 439 leis aprobadas desde 1981 nesta Cámara e a protección que o Tribunal Constitucional dá cando algunha delas —como a recente reforma da Lei de saúde de Galicia— son recorridas por outras instancias gobernamentais.

Galicia tamén mantén vizoso o seu apoio á autonomía como a mellor forma de autogoberno e de integrarse en España e no mundo. Se na Transición os estudos demoscópicos dicían que soamente o 6 % dos galegos pensaban que as cousas irían a peor se Galicia accedía ao autogoberno e o 60 % pensaba que as cousas irían a mellor, hoxe, de acordo cos últimos datos do Centro de Investigacións Sociolóxicas, sabemos que o 63 % apoian o actual Estado autonómico —coas súas competencias ou algunha máis ou algunha menos—, mentres que só o 12 % avogan por un Estado centralizado e o 9 % polo dereito de autodeterminación.

Porque, efectivamente, como predixeron desde Brañas a Piñeiro, pasando por Risco, Castelao e todos os moitos bos e xenerosos que defenderon a autonomía para Galicia, o autogoberno é sinónimo de democracia, de prosperidade e de benestar. Hoxe gañamos, nestes corenta anos, 8,8 anos de expectativa de vida todos os galegos e todas as galegas, grazas a unha sanidade construída pola propia Comunidade Autónoma que ten un 50 % máis de profesionais médicos e o dobre de hospitais. E, por suposto, respecto tamén da nosa cultura o último dato



coñecido é que no último ano se publicaron 1.100 libros en galego. Hai corenta anos publicábanse en torno aos 300.

Señorías, no día de hoxe non se trata de preguntar, como facía recentemente un catedrático de historia contemporánea galega na prensa, «¿onde estabas daquela, que tanto te necesitamos?». Nós sabemos onde estabamos daquela e onde seguimos a estar: comprometidos coa Constitución que garante a democracia, os dereitos individuais, o autogoberno de Galicia, co desenvolvemento e consolidación do Estatuto de autonomía, que permite afondar no progreso e no benestar de todos os galegos e galegas, e co galeguismo constitucional. E por iso celebramos os corenta anos do Estatuto e lembramos e conmemoramos a constitución do primeiro parlamento democrático de Galicia como forma de reafirmar, desde a súa tribuna, o noso compromiso coa democracia, coa constitución, co Estatuto de autonomía e, en definitiva, co progreso e benestar de todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Puy.

Decía ao comezo deste acto que o Parlamento de Galicia botou a andar en dúas sedes prestadas. A primeira foi en Xelmírez, durante un pouco máis de seis meses; e a segunda, no pazo de Fonseca, cedido pola Universidade de Santiago de Compostela, onde esta Cámara se reuniu entre xuño de 1982 e febreiro de 1989. Imos, polo tanto, agora ao pazo de Fonseca, onde a Real Filharmonía de Galicia interpreta a *Alborada* de Veiga.

(As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno e as autoridades e asistentes á sesión, presencian, a través das cámaras dispostas para o efecto, a actuación da Real Filharmonía de Galicia, que interpreta a obra citada polo señor presidente.)

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas á Real Filharmonía e grazas tamén, por suposto, á Universidade de Santiago por ceder a súa casa á institución que representa a todas e todos os galegos.

O Estatuto de autonomía de Galicia, que este ano cumpriu tamén corenta anos, sinala no seu artigo 9 que os poderes da Comunidade Autónoma se exercen a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente. Cómpre, xa que logo, ceder a palabra á primeira autoridade da Comunidade Autónoma, o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

Cando queira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Coa venia do señor presidente.

Señora e señor voceiros dos grupos parlamentarios, señor voceiro do grupo parlamentario maioritario, señoras e señores parlamentarios, autoridades, expresidentes do Parlamento, Pérez Vidal, García Leira, Pilar Rojo, expresidente González Laxe, presidente e fiscal xeral do



Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, alcalde de Santiago, alcaldesas e alcaldes de Galicia que nos honran coa súa presenza, señores reitores, señoras e señores representantes da sociedade civil galega e, por suposto, deputados e senadores en Cortes, benqueridos galegos e galegas, quero que o limiar desta intervención nesta sesión solemne en representación do Goberno de Galicia e na miña propia, como presidente, sirva para subliñar algo no que creo que todos coincidimos, e con nós o pobo ao que nos debemos. Os últimos corenta anos da historia de Galicia non teñen parangón en ningunha outra época do país. Nunca o noso país foi máis libre, nunca o benestar acadou cotas tan altas. Nunca se nos respectou máis. Nunca tivemos tanto protagonismo no conxunto de España e no contexto internacional. Nunca a nosa cultura foi máis forte nin a nosa lingua máis utilizada e máis querida. Ningún tempo pasado foi mellor que o que agora desfrutamos, sen que tal constatación sirva para negar os problemas que afrontamos acotío e que teñen reflexo nesta sede da representación popular.

Malia todo, Galicia experimenta catro décadas de rexurdimento, nas que as súas enerxías se activan para forxar unha sociedade fraterna e moderna. Velaí unha verdade cotiá corroborada polos galegos pero que necesita ser reafirmada para non perder a perspectiva nin esquecer as causas deste período sen precedentes, o que nos trouxo ata aquí e como logramos abrir este tempo que xa non é unha breve paréntese senón un logro permanente.

Non é casual que exista un marco de convivencia definido pola autonomía e que ten o seu corazón aquí, neste Parlamento. Galicia engade unha proba máis a esta asociación entre parlamentarismo e progreso, que é unha constante na historia dos pobos máis avanzados do mundo. En efecto, en cada lugar no que o parlamentarismo se asenta ou se recupera prodúcese de novo o milagre que permite que unha comunidade resucite, se levante e se poña a camiñar. Caixa de resonancia, lugar de encontro, canle para que as discrepancias discorran dun xeito racional, foro no que os adversarios aprenden a coñecerse e a recoñecerse, o Parlamento é unha ferramenta que permite avanzar na obriga de escoitar. Ben poderíamos afirmar que a historia anterior do noso país foi unha longa espera polo Parlamento. Galicia estaba orfa dun órgano coma este no que o galeguismo pasase de ser unha idea lonxana a unha realidade próxima.

De xeito brillante, o poeta Salvador García-Bodaño definiu o desacougo daquel país «onde todo está por vir e non chega». Tamén a democracia parlamentaria formaba parte dese futuro que non chegaba e sempre quedaba postergado para xeracións vindeiras. Durante séculos, Galicia foi un país con dúas mitoloxías, unha situábase no pasado, no Fogar de Breogán, e outra agardaba un futuro no que os galegos serían libres e contarían cun fogar parlamentario.

O Parlamento chega da man do Estatuto de autonomía, fillo, á súa vez, da Constitución española. Non é, polo tanto, ningún parlamento imposto nin outorgado por poderes alleos. Non nace como froito dunha vitoria dunha parte do país sobre outra que queda derrotada, senón que é consecuencia de procesos democráticos que eluden a confrontación e buscan o consenso.

A transición democrática española e a transición autonómica galega son unha ruptura coa lenda negra e as longas noites de pedra das que se laiaba Celso Emilio. Ao ser herdeiro da Constitución e do Estatuto, este Parlamento está emparentado coas mellores estirpes demo-



cráticas do mundo. Diante deste logro singular, reclamarse autonomista é facer xustiza a un proceso exemplar e a unha realidade modélica. Á diferenza doutras fórmulas presentes nos debates recorrentes sobre a organización territorial, sabemos o que o autonomismo significa na teoría pero tamén na práctica, nas ideas e nos feitos, na lírica e na prosa. Non especulamos sobre o que podería ser. Sabemos o que é e damos fe de que este Parlamento é unha consecuencia directa da idea autonómica; unha idea que ademais está fortemente enraizada na historia do galeguismo democrático, como quedou reflectido no discurso dos parlamentarios.

Tanto no proceso autonómico que desemboca no Estatuto do 36 como nas vicisitudes que atravesamos no Estatuto vixente, o protagonismo dos galeguistas é decisivo. É decisivo para lograr un triunfo que entón foi desgraciadamente efémero pero que hoxe logrou unha feliz continuidade. Existe entón unha plena lexitimidade democrática xunto a unha insoslaible lexitimidade histórica acompañadas ambas pola lexitimidade derivada do amplo acordo social sobre a autonomía —ratificado con elocuencia nas urnas cada catro anos durante corenta anos—. Así pois, o galeguismo é autonomista e o autonomismo é galeguista. Grazas a ese dobre sustento da Constitución e do Estatuto, Galicia ten un Parlamento e unhas institucións autónomas nun mundo interdependente no que as vellas ideas sobre a soberanía quedaron amplamente superadas pola complexidade de problemas que non coñecen fronteiras e pola necesidade de solucións que superan, as máis das veces, os límites administrativos.

A esas lexitimidades ás que antes me refería cómpre engadir outra relacionada precisamente cos intentos de destruír autonomía estable e asentada para ser suplantadas por proxectos ilusorios, anacrónicos e que, polo tanto, fomentan a división social. Comprobado o efecto nocivo desas rupturas do contrato social feito arredor da autonomía, cobra máis valor aínda a aposta autonomista do noso país. Hai unha lexitimidade comparativa entre Galicia e outras comunidades autónomas.

Señoras e señores, nunha pasaxe da súa obra *A democracia en América*, Alexis de Tocqueville afirmaba: «A democracia é unha maneira de ser da sociedade». Un novo Tocqueville escribiría «A democracia en Galicia» e podería repetir exactamente a mesma sentenza: a autonomía é a vestimenta institucional máis axeitada para que o noso país sexa forte en España, sexa forte en Europa e sexa forte no mundo.

O Parlamento é o espello no que o pobo galego se reconece. A democracia require, para o fortalecemento de valores que son propios da nosa xente dende tempo inmemorial, a tolerancia, a alerxia aos extremismos, a querenza polos acordos, a estabilidade e os cambios tranquilos. Non é infrecuente referirse nestes tempos á crise da democracia parlamentaria. Abundan libros, estudos e mesmo profecías sobre o particular. Non é a primeira vez que ocorre, nin tampouco será a primeira vez que o sistema parlamentario se reafirme como a ferramenta máis idónea para a convivencia e o progreso. Ese sentido crítico que constantemente interroga sobre os defectos do parlamentarismo, lonxe de ser un mal síntoma, é unha proba indubidable de que está vivo, de que é dinámico e de que é apto para as transformacións que exixen os tempos.

Señorías, estou absolutamente convencido de que non é necesario buscar fóra modelos que corroboren esa certeza. Galicia é o modelo. Aínda que naceu en outono, a poucos días do inverno,



o Parlamento galego xa formaba parte das «mil primaveras» de Cunqueiro, desas mil primaveras con que Cunqueiro soñaba para o seu país, un país feito de palabras, unhas palabras que seguen facendo o país mediante os seus representantes democráticos.

Grazas, grazas a todos eles, a todos os deputados e deputadas deste Parlamento durante os últimos corenta anos, grazas ás presidentas e presidentes do Parlamento e ás mesas do Parlamento que nos presidiron durante estas catro décadas, e permítanme unhas grazas específicas a catro deputados da Cámara: ao deputado Albor, ao deputado González Laxe, ao deputado Fraga e ao deputado Pérez Touriño. Hoxe conmemoramos solemnemente o nacemento dun fogar común no que todos xuntos estamos vivindo unha Galicia que outros soamente puideron soñar.

Cóidense, coidémonos, coidémonos da pandemia, que lamentablemente aínda non rematou, coidemos as nosas familias, porque o conxunto das nosas familias conforman a gran familia que é Galicia.

Moitísimas grazas e moitos parabéns en nome do Goberno de Galicia á Mesa deste Parlamento e á súa Presidencia por estes actos de recoñecemento da democracia galega e por estes actos de recoñecemento do Parlamento de Galicia celebrados durante este ano 2021. Sen dúbida, foron todos eles un acerto.

Máis nada.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Galicia é mar pero tamén é chaira, é montaña e é bocarribeira, unha e mil realidades diferentes que nos converten nun lugar único.

Se ao comezo deste acto evocabamos a Galicia mariñeira, queremos facer presente agora a Galicia interior coa interpretación da *Muiñeira do Courel* a cargo da agrupación folclórica Cantigas e Agarimos, que, como o Parlamento, están de aniversario ao facer 100 anos de existencia.

(As señoras e os señores deputados, así como os membros do Goberno e as autoridades e asistentes á sesión, presencian, a través das pantallas dispostas para o efecto, a actuación da formación Cantigas e Agarimos, que interpretan a Muiñeira do Courel.)

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Parabéns a Cantigas e Agarimos pola súa actuación.

Presidente da Xunta de Galicia, vicepresidentes, viceconselleiras e conselleiros, membros da Mesa do Parlamento, portavoces, deputadas e deputados, alcalde de Santiago, alcaldesas



e alcaldes que hoxe tamén nos acompañan, valedora do Pobo, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, expresidente da Xunta de Galicia, expresidentas e expresidentes do Parlamento, membros das Cortes Xerais e demais autoridades e representación que nos acompañan na tribuna do público, galegos e galegas que nos seguen pola Televisión de Galicia, señoras e señores, convócanos hoxe —como xa se dixo— a conmemoración das catro décadas de vida do Parlamento de Galicia, a primeira das institucións que configuran o noso autogoberno, derivada da Constitución e do Estatuto de autonomía, nados, pola súa vez, da transición da ditadura á democracia. Os froitos daquela transición, culminada con éxito por persoas valentes sobre a base do diálogo, a tolerancia e as renuncias persoais, situaron España, e con ela Galicia, en Europa e no selecto club dos países avanzados, e dotounos dun Estado do benestar que para si quixeran noutras latitudes —algunhas ben próximas—.

Aínda feble, a democracia española acababa de superar unha proba de fogo o 23F daquela ano. España era un país de segunda, sen peso na comunidade internacional. Galicia soportaba o tradicional illamento que hai pouco máis dun século levava a intelectuais como Risco a tirar de metáfora para denunciar que a nosa terra estaba, en moitos sentidos, máis preto de América ca de Madrid. Estampas como as protagonizadas por vellos ou rapaces con unha ou dúas vacas pacendo en calquera cuneta de camiños ou corredeiras do país formaban parte aínda da nosa paisaxe. A escasa e moi centralizada sanidade pública convivía con menciñeiros, compoñedores e curandeiros. Estudiar era un privilexio vedado para moitos, e dotacións hoxe universalizadas, como o teléfono, constituía un obxecto de luxo nas nosas aldeas. O galego é hoxe unha lingua de prestixio e de cultura, protagonista, igual có castelán, do bilingüismo cordial que se practica na nosa terra, un tesouro —o noso bilingüismo— que nos conecta con máis de quiñentos millóns de castelanfalantes e máis de douscentos cincuenta millóns de persoas do mundo lusófono. Pero o galego —hai que recordalo— continúa precisando de apoio incondicional neste mundo globalizado, por iso quero agradecer de modo particular que este sexa o único parlamento do Estado —e non somos o único bilingüe— no que utilizamos o noso idioma en exclusiva, mérito de todas e todos vostedes, señorías. Teñamos unha lembranza agarimosa e agradecida para o servizo que toda a nosa xente prestou á supervivencia da lingua en tempos pasados.

Esas e outras vivencias, que hoxe permanecen só na memoria dos que superamos o medio século de vida, eran, catro décadas atrás, dramaticamente frecuentes naquela Galicia que poñía en marcha o seu autogoberno. O tempo transcorrido acredita o acerto daquela aposta. A democracia e o autogoberno sentáronlle ben —eu diría que moi ben— a Galicia e á súa xente en todos os sentidos. Cito só un dato: no ano 1975 a esperanza de vida en Galicia non chegaba aos 73 anos; en 2020 situábase nos 83,82 anos. Galicia demostra con feitos o acerto do pacto constitucional que hoxe reivindicamos de novo. A experiencia destes corenta anos acredita plena compatibilidade de conceptos como descentralización, autonomía e constitución, por exercer o noso autogoberno con sentidiño, atentos ao sentir da nosa xente e con plena lealdade ás restantes institucións do Estado, desde o alcalde do concello máis pequeno ata o xefe do Estado, a súa maxestade o rei Felipe VI.

Chegados a este punto, cómpre, por tanto, dicir grazas, grazas a cantos dun ou doutro xeito contribuíron e contribúen a engrandecer Galicia antes e agora. Desde o Parlamento, desde a Xunta, desde a sociedade civil, desde postos con relevancia pública ou desde o traballo anónimo



e calado, todas as mans son necesarias e son sempre benvidas. Fronte aos que cuestionan a utilidade das institucións democráticas e a quen interesadamente trata de desvalorizar o papel dos parlamentos, urxe reivindicar a súa plena vixencia, cos cambios e coa posta ao día que resulten precisos en cada momento pero preservando o seu papel nuclear no sistema democrático, como fixemos nesta Cámara en datas recentes.

Precisamos un Parlamento en contacto permanente coa xente, que escoite a xente, fale como a xente e responda ás necesidades da xente, tamén —e moi especialmente— ás dos que non se senten de todo identificados coas institucións. Nun ensaio titulado *El regreso liberal*, o profesor de Columbia, Mark Lilla enfatiza a grandeza da democracia e das súas institucións: «Os movementos sociais» —afirma— «fixeron moito ben, especialmente ao cambiar mentes e corazóns, pero a longo prazo son incapaces de alcanzar fins políticos concretos por si mesmos». Cos movementos non abonda, son necesarias a política e as institucións. E neste contexto os parlamentos resultan cruciais. «Martin Luther King» —podemos ler— «foi o mellor líder de movementos da historia de Estados Unidos pero, como sinalou con acerto Hillary Clinton, os seus esforzos terían sido fútiles sen os de Lyndon Johnson, un experimentado forxador de acordos no Congreso».

Velaquí, señorías, a grandeza da democracia e a da súa institución parlamentaria, que a sustenta. Ollos e oídos abertos ás demandas da xente para despois darlles forma neste e noutros parlamentos tórnase unha obriga ineludible para cantos desempeñamos estas responsabilidades, unha obriga xa outrora, pero obriga aínda máis acentuada nos nosos días. Como lemos nunha recente e clarificadora biografía de Angela Merkel, «hai un puñado de principios e valores esenciais innegociables, como a liberdade, a democracia ou o Estado de dereito, case todo o demais é susceptible de ser negociado».

Nestes tempos de crispación xeneralizada, cando en ocasións parece que ata se lle nega o pan e o sal ao adversario, o Parlamento de Galicia converteuse nunha illa de estabilidade, de corrección, de respecto e de boas formas —importantes en calquera ámbito e tamén, polo tanto, na política—. Non sempre foi así, lamentablemente, e a todas e a todos vostedes, señorías, hai que agradecer esta actitude construtiva, igual que o exercicio de diálogo e mesmo de procura de consensos, totais ou parciais, que neste hemiciclo e nas salas de comisións se materializan con frecuencia.

Hoxe, catro décadas despois da primeira sesión constitutiva deste Parlamento, estamos en débeda con moita xente —boa parte dela xa desaparecida—, con toda a xente que fixo posible o noso tránsito cara á democracia e á autonomía consolidada que Galicia e os galegos hoxe exercemos. Para todos, sen distincións, o noso agradecemento fraternal, aos que traballaron desde as institucións e aos que o fixeron fóra delas, á Galicia territorial e á da emigración, aos que sementaron democracia antes, durante e despois da ditadura pagando nalgúns casos un altísimo prezo coas súas vidas —como Bóveda—, co exilio —como Castelao—, coa cadea —como Piñeiro—, ou co ostracismo —como Otero Pedrayo—. Para todas e todos, insisto, o noso agradecemento e o noso recordo emocionado, e tamén para o persoal desta casa.

Por fortuna, malia as dificultades propias deste momento, Galicia transita por sendas de progreso e de oportunidades coas que todas e todos, desde as lexítimas discrepancias, de-



bemos comprometermos. No pasado —sabémolo ben— houbo intentos de desdebuxar a autonomía galega. A Galicia de entón non o permitiu, como tampouco o permitiría agora de darse o caso. Os principios básicos da autonomía e do autogoberno non son nin poden ser xamais contrapartida política na procura de réditos curtopracistas. Galicia non demanda privilexios, pero tampouco atura aldraxes. Como dixo Castelao, «Galicia non necesita máis pero non pode conformarse con menos».

Tal e como sinala a placa conmemorativa que acabamos de descubrir na entrada deste Parlamento, ¡de hoxe noutros corenta anos!

Moitas grazas.

Dixen.

(Aplausos.)

E antes de rematar esta sesión solemne conmemorativa do 40º aniversario do Parlamento de Galicia, escoitamos o himno galego interpretado por Uxía, acompañada por un coro de nenas e nenos do CEIP de Petelos, Mos.

Cando queiran.

(Aplausos.)

(Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes á sesión, pónense en pé, e a cantante Uxía Senlle, acompañada do coro infantil do CEIP de Petelos, Mos, e dos instrumentistas Raquel Domínguez, Sergio Tannus e Santi Cribeiro entran no salón de sesións e interpretan o himno galego.)


(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Levántase a sesión.

Remata a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

